

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE XANEIRO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 2 de xaneiro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 28 de decembro de 2017, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey
- Vocais:** D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo  
D. Alberto Escariz Couso  
D. José Riesgo Boluda  
D. Jesús Núñez Torrón (asiste aos puntos 8 e 9)
- Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Apertura administrativa**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade”, expediente no 14.400-77**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U. (lotes 1, 2, 5, 6 e 7)
  2. G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. (lotes 1, 2 e 5)
  3. MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. (lote 3)
  4. INNOVACIÓN Y DESARROLLO FORMATIVO 2011, S.L. (lote 7)
  5. CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 5)
  6. GABINETE DE RECOLOCACIÓN INDUSTRIAL (lotes 1 e 5)
  7. CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, C.I.P. (lotes 1, 2, 5, 6 e 7)
  8. FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN (lotes 6 e 7)
  9. ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L. (lotes 5, 6 e 7)
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles ao seguinte licitador para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:



- UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES e ESTUDIOS MEGA, S.L. (lotes 1, 2, 5, 6 e 7 - porcentaxe de participación na UTE 51-49%, respectivamente), que achega sendos documentos europeos únicos de contratación pero non consta que posúan a habilitación profesional esixida no apartado 6F do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares nin se aceptan o correo electrónico como medio de notificación, polo que deberán presentar unha declaración na que se indiquen os anteriores extremos.

### 3.- Apertura da documentación técnica

#### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade”, expediente no 14.400-77

Retírase este punto dado que a Mesa acordou no punto anterior conceder un prazo para a emenda da documentación persoal a un dos licitadores presentados.

### 8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

#### a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de Teleasistencia 2.018 (148.133-301)

Entrégase o informe asinado pola diplomada en Traballos Sociais e o xefe da Área de Benestar Social o 28 de decembro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula*”, así como o informe que substitúe ao anterior de data 2 de febreiro de 2018.

### 9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

#### a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de Teleasistencia 2.018 (148.133-301)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola diplomada en Traballos Sociais e o xefe da Área de Benestar Social o 2 de febreiro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula*” e, segundo o previsto na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares, acorda que se inicie a negociación co único licitador presentado e admitido.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:15	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA647-555BB5-E9CD34-A5CGGC-WAJUQW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		